

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 28

ano 4

maio-xuño 2010

Os arquivos dos mosteiros (I) OS TOMBOS MONÁSTICOS

Ao longo do tempo, as institucións relixiosas foron perfeccionando as medidas de seguridade que garantisen a **perdurabilidade dos documentos** dos seus arquivos, particularmente daqueles que acreditaban a titularidade das súas posesións, dereitos e rendas (doazóns, compravendas, permutas, bulas papais...) co fin de salvagardar a integridade do seu patrimonio e, en consecuencia, a súa supervivencia institucional e económica.


Entre outras fórmulas -como a de restrinxir o acceso ao arquivo- confeccionaron **cartularios**, é dicir, fixeron **copias de seguridade** en formato de libro que no noroeste peninsular recibiron o nome de **tombos**. Estas recompilacións permitían acceder con rapidez ao contido dos documentos relevantes ou de uso frecuente xa que eran copiados nun volume de cómoda consulta seguindo unha orde determinada (cronolóxica, toponímica...). Ademais dos documentos, tamén podían facerse anotacións referentes á **administración** do patrimonio monástico.

Os documentos podían transcribirse na súa integridade ou ser resumidos con indicación do lugar onde se gardaba o orixinal e, ademais adoitaban incluír índices que facilitaban a procura da información. Por isto os tombos tamén servían de **instrumentos de descrición e control arquivístico**, xa que ao extrair o contido dos orixinais permitían ter localizados os documentos que integraban o arquivo e atopalos con rapidez no momento necesario.

Á parte destes fins utilitarios de tipo xurídico, administrativo e arquivístico, os tombos tamén serviron para construír a **identidade institucional** de cada mosteiro a través da inclusión dunha crónica, historia, ou abadoloxío que algún monxe erudito (xeralmente o arquivero) tecía a partir dos documentos máis antigos ou de falsificacións elaboradas para tal fin. Remontándose aos tempos da fundación monástica, con estas crónicas preservábase a **memoria da institución** e enxalzábase a xenerosidade dos fundadores e benfeitores do mosteiro, así como a obra dos abades máis reputados.

Precisamente esta é a parte que se conserva deste

tombo de San Clodio en cuxo prólogo se argumentan con gran erudición as razóns que levaron ao abade frei Antonio de Cuesta a encargarse da súa confección en 1595 para facer memoria dos “fundadores y los mas bienchores, ... prebilegios y bulas y exçension es que ... le fueron conçe didos”, e das “escripturas de donaçion que personas particulares con liberal mano mandaron a esta santa cassa ”



1595, [San Clodio do Ribeiro de Avia]
“**Tumbo y declaraci on de la propiedad (sic) que este monasterio de San Claudio tiene**”.
Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 225 x 355 mm.
AHPOu. Mosteiro de Sta. Mª de San Clodio do Ribeiro de Avia, L. 680.

Ourense, territorio monástico

Ourense é unha das provincias españolas con maior número de mosteiros a causa dunha temperá actividade fundacional que parece arrancar no século VI e que ten o seu cénit entre os séculos X e XII. Coa **reforma gregoriana** do s. XI implantouse definitivamente a **regra de San Bieito**, estendida aínda máis polas fundacións **cistercienses** do s. XII, que vivirán unha época de esplendor durante o s. XIII. Á grave **crise baixomedieval** dos séculos XIV-XV segúille a coñecida como **reforma observante**, que dende finais do s. XV introduciu importantes transformacións na organización monástica (redución do número de comunidades, dependencia das congregacións observantes de Castela e Valladolid...), e permitiu superar o estado de corrupción e decadencia dos mosteiros. Iniciouse coa Idade Moderna unha etapa de estabilidade que perdurou ata principios do século XIX.


O **Estado Liberal**, tras a súa definitiva implantación na década de 1830, decretou a **Desamortización de bens eclesiásticos** que supuxo a exclausuración dos monxes, a supresión dos mosteiros e a nacionalización e venda daqueles bens. Foi o fin dun milenario pero caduco modelo social a través do cal bieitos e cistercienses colonizaran e puxeran en labor terras incultas, incorporaran novas técnicas e cultivos e realizaron unha tarefa de repoboación e humanización da paisaxe de Galicia.

Por todo isto, os mosteiros, ademais de comunidades relixiosas depositarias e transmisoras do saber durante a Idade Media, tamén foran **centros económicos e de poder** cun papel decisivo na organización socioeconómica: acumulaban grandes patrimonios que lles producían cuantiosos ingresos e exerceran señorío xurisdiccional sobre territorios e **vasalos** grazas ás doazóns e privilexios cos que reis e nobreza os patrocinaran xenerosamente. Así foi como os mosteiros ao longo desta dilatada existencia xeraron unha **inxente masa documental** que hoxe serve para coñecer a súa historia e a das sociedades nas que foron engrenaxes fundamentais.

Tombos e arquivos dos mosteiros

A reforma observante marcou directrices que racionalizaron o modo de administrar os mosteiros, polo que desde entón os seus arquivos presentan series documentais homoxéneas e unha organización interna moi similar. Como o posto de **arquivoiro** era unha responsabilidade relevante no aparato administrativo, recaía nun monxe de sólida formación xurídica e coñecementos de Arquivística e Paleografía.

Estes arquivoiros adoitaban anotar nos **tombos** recomendacións para o bo goberno do arquivo, o que fai posible un achegamento ás **prácticas arquivísticas e de xestión** daquel tempo. Asemade, os tombos tamén permiten acercarse á organización e contido do propio arquivo no momento da confección do cartulario, así como ter noticia dos documentos cuxos orixinais xa non se conservan.



Táboa de contido ou índice dos documentos inseridos no Tombo dourado do Mosteiro de Melón (século XVIII) referidos aos bens e dereitos do mosteiro na freguesía de Santa María de Macendo.

Nos tombos copiáronse aqueles papeis e pergamiños do arquivo que tiñan especial valor para os monxes, en particular os que acreditaban **titularidade de bens e dereitos**: doazóns, compravendas, permutas, foros, censos, etc... Este tipo de documentos revelan as vías de constitución e acrecentamento do patrimonio do mosteiro así como os sistemas de explotación do mesmo.

Nos arquivos monásticos tamén se conservaban os documentos producidos polas **actividades de xestión** (contabilidades, memoriais cobradores de rendas...), así como aqueles outros producidos na **defensa das posesións e dereitos** (preitos, apeos, prorrates...). Ademais podían atoparse nomeamentos de xuíces e escribáns, xuízos de residencia, visitas a xurisdicións, etc., é dicir documentación xerada polos mosteiros na súa función de **señores de vasalos**.

Tras a **Desamortización** do XIX, estes arquivos serviron á Facenda Pública para administrar os bens nacionalizados mentres tanto non foron vendidos en poxa pública. Cando xa non resultaron precisos para tal fin, a maior parte desta masa documental foi centralizada en Madrid e logo integrada no **Arquivo Histórico Nacional** desde a súa creación en 1866. Pero, a diferenza do que ocorreu na maior parte do Estado, unha porción substancial dos fondos monásticos ourensáns permaneceu nas dependencias provinciais de Facenda e pasou a constituír a documentación fundacional do **Arquivo Histórico Provincial de Ourense** cando este foi creado en 1943. Iso converteuno na institución galega máis rica nun tipo de fondos cuxa información é indispensable, non só para a **Historia da Igrexa** ou dos mosteiros, senón tamén para calquera aproximación as **épocas medieval e moderna** desde as máis diversas perspectivas.



© ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: Francisco Sandoval Vereas coa colaboración do persoal do AHPOu.
Imaxes: Amalia Castro Dacosta. D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491